

ACTA DÁ SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 15 DE XUÑO DE 2019

No Salón de Sesións dá Casa Consistorial do Concello de Muras, o quince de xuño de dous mil dezanove sendo ás doce horas da mañá.

APERTURA DA SESIÓN

Pola Secretaria indícase: sesión pública plenaria

Pola Secretaria maniféstase:

“En cumprimento do disposto no artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeneral, e no artigo 37.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, vai proceder á formación da MESA DE IDADE, que estará presidida polo Concelleiro electo de maior idade, e como Vogal o Concelleiro electo de menor idade, sendo o Secretario da mesma o da Corporación.”

A designación corresponde a: DON JESÚS TRASTOY CAMBA como Presidente da MESA DE IDADE e DONA CRISTINA FRANCO PARDO como Vogal da MESA DE IDADE

Pola Secretaría maniféstase: “Rogo a Don JESÚS TRASTOY CAMBA achéguese á Mesa Presidencial, ao obxecto de prestar xuramento ou promesa”

Don JESÚS TRASTOY CAMBA dá lectura á fórmula de promesa.

O Sr. Presidente da Mesa de Idade pasa a presidir a sesión.

O Sr. Presidente da Mesa de Idade di: “Rogo a Dona CRISTINA FRANCO PARDO achéguese á Mesa Presidencial, ao obxecto de prestar xuramento ou promesa”

Dona CRISTINA FRANCO PARDO dá lectura á fórmula de promesa.

A Sra. Vocal da Mesa de Idade pasa a ocupar o seu sitio, á dereita da Presidencia da sesión.

A Secretaría di: “Quedou constituída a MESA DE IDADE, composta por: Presidente: Don JESÚS TRASTOY CAMBA e Vocal: Dona CRISTINA FRANCO PARDO Secretaria: Dona Silvia Lamelas Soto”

O presidente da mesa de idade manifesta:

“Pola Sra. Secretaria vai dar lectura á normativa aplicable para a constitución do novo Concello”

A Secretaria di: “A normativa aplicable á constitución dos novos Concellos confórmase polo artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeneral, que dispón o seguinte: 1. As Corporacións Municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presente recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos Concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen o cuadraxésimo día posterior ás Eleccións. 2. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación. 3. A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ao Concello remitise a Xunta Electoral de Zona 4. Realizada a operación

anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos Concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que sexa o número de Concelleiros presentes”

A Secretaria di: Os señores Concelleiros Electos asistentes á sesión son os seguintes:

- Don Mario Rouco Rey
- Don Manuel Requeijo Arnejo
- Dona Belén Chao Ramil
- Dona Cristina Franco Pardo
- Dona Maria Eugenia Requeijo Chao
- Don Alberto Díaz Díaz
- Don Jesús Trastoy Camba

Polos membros da Mesa de Idade comprobáanse as credenciais enviadas pola Xunta Electoral de Zona.

O Presidente da Mesa manifesta:

“Convídase os concelleiros electos a que expoñan neste acto se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevinda con posterioridade á súa proclamación a teor do establecido polos artigos 6. 7. 177 e 178 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeneral”

A Secretaria di: “En cumprimento do establecido no número 7 do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, todos os Señores Concelleiros Electos presentaron declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como declaración dos seus bens patrimoniais”

O presidente da Mesa di: “De conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeneral, modificado pola Lei Orgánica 8/1991, para a toma de posesión e adquisición da plena condición do cargo de Concelleiro, cumpridos os requisitos previos, os candidatos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución”

A Secretaria di: “A continuación, procederase a chamar aos Señores Concelleiros Electos para que presten xuramento ou promesa e son os seguintes:

- Don Mario Rouco Rey, presta xuramento
- Don Manuel Requeijo Arnejo, presta promesa
- Dona Belén Chao Ramil, presta promesa
- Dona Maria Eugenia Requeijo Chao, presta promesa
- Don Alberto Díaz Díaz, presta promesa

O Presidente da Mesa di: “Declárase constituída a Corporación Municipal do Concello de Muras”

O Presidente da Mesa manifesta: “Pola Secretaria vai dar lectura ao artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeneral, polo que se establece o procedemento para a elección de Alcalde”

A Secretaria di: “Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

- a) Poden ser candidatos todos os Concelleiros que encabecen os seus correspondentes listas
- b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo
- c) Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivese maior número de votos populares no correspondente Municipio”

O Presidente da Mesa manifesta: “Convídase os Concelleiros presentes que encabezasen as correspondentes listas a que manifesten se manteñen ou retiran a súa candidatura á Alcaldía”

Solicítase o asentimento ou negativa por orde de menos a máis votos: Don Mario Rouco Rey, Dona María Eugenia Requeijo Chao, Don Manuel Requeijo Arnejo.

Don Mario Rouco Rey a retira, Don Manuel Requeijo Arnejo a mantén e dona Maria Eugenia Requeijo Chao a mantén.

A Secretaria di: “Vai proceder á elección de Alcalde, mediante votación nominativa segundo o costume, de conformidade co previsto no artigo 102 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, salvo que algún Concelleiro solicite que sexa por votación secreta. Procederáse, por tanto, ao chamamento dos Señores Concelleiros para que indiquen de viva voz o candidato ao que prestan o seu voto nesta elección ou a súa abstención se é o caso”

Ao non solicitar ningún integrante da Corporación a votación secreta, pola Presidencia da Mesa dáse inicio á votación para a elección do cargo de Alcalde, mediante o chamamento dos concelleiros pola seguinte orde:

- Don Mario Rouco Rey: voto para don Manuel Requeijo Arnejo.
- Don Manuel Requeijo Arnejo: voto para don Manuel Requeijo Arnejo.
- Dona Belén Chao Ramil: voto para don Manuel Requeijo Arnejo.
- Dona Cristina Franco Pardo: voto para don Manuel Requeijo Arnejo.
- Dona Maria Eugenia Requeijo Chao: voto para dona Maria Eugenia Requeijo Chao
- Don Alberto Díaz Díaz: voto para dona Maria Eugenia Requeijo Chao
- Don Jesús Trastoy Camba: voto para dona Maria Requeijo Chao

A Presidencia da Mesa di: “O resultado da votación é o seguinte: catro votos para don Manuel Requeijo Arnejo e tres votos para dona Maria Eugenia Requeijo Chao. Ao obter a maioría absoluta dos votos emitidos polos membros desta Corporación Municipal, de conformidade co disposto no artigo 196. b) da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeneral, queda elixido, e por tanto proclámase Alcalde-Presidente do Concello de Muras a: don Manuel Requeijo Arnejo”

A Vogal da Mesa de Idade di: “De acordo co establecido nos artigos 18 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 e 40.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, requírese a Don Manuel Requeijo Arnejo, proclamado Alcalde electo deste Concello, para que conorra a prestar xuramento ou promesa”

O Señor Alcalde pasa a prestar promesa, dando lectura á fórmula establecida, e a continuación fáiselle entrega do bastón de mando polo Vogal da Mesa.

O novo Alcalde ofrecelle a don Mario Rouco Rey e a dona Maria Eugenia Requeijo Chao se queren intervir.

Intervén dona Maria Eugenia Requeijo Chao:

Bos días veciños e veciñas:

Aínda que pasei unha parte da miña vida noutro pobo cercano, a miña mente e o meu corazón estaban sempre aquí. Sempre desexando que chegaran as vacacións e os fins de semana para visitar aos meus avós e poder desfrutar da natureza e da liberdade que só me proporcionaba Muras. Podo dicir que sentía morriña por volver canto antes ao meu pobo.

Agora, aos meus 40 anos, casada e nai dunha nena, intento seguir desfrutando coa miña familia desa liberdade vivindo nunha das pequenas aldeas que ten o noso pobo.

Hoxe comeza unha nova etapa para min como concelleira do Partido Popular de Muras. Fágoo con ilusión e orgullosa de coller o relevo de Danilo Requeijo, meu pai, e poder representar aos veciños e veciñas que depositaron a súa confianza na lista que encabezo.

Temos vinte votos menos que a forza mais votada, pero iso non impide que traballemos pola nosa xente e facendo nosas as súas ideas para poder convertelas en feitos.

Xa adianto que, dende o Partido Popular, faremos unha oposición construtiva e útil aos veciños. Nós tamén somos a chave para gobernar este Concello. Co noso apoio poderanse facer realidade os proxectos necesarios para mellorar o noso pobo. Tenmos catro anos para demostrar quen ven traballar polos murenses e quen ven vivir da política.

Quero aproveitar a ocasión para dar as grazas a cada un dos oito compañeiros que aceptaron acompañarme nesta aventura tan complexa. Tamén a todas as persoas que me apoiaron e me axudaron. Non quero esquecerme do meu maior apoio, a miña familia, en especial a meus pais porque espero poder aplicar todo o que me ensinasteis deste mundo que e a política.

Por último gustárame engadir algo que xa sabemos todos, saíramos ou non vitoriosos nas eleccións do 26 de maio debemos recordar sempre que os alcaldes ou alcaldesas, candidatos ou candidatas non somos nada sen o apoio dos nosos veciños e veciñas e de cada un dos que estades aquí. Por iso os meus compañeiros e mais eu imos traballar duro. Prometemos entrega, traballo e dedicación e, sobre todo, legalidade máxima aos nosos veciños e veciñas.

Intervén don Mario Rouco Rey:

Bos días, despois de catro anos voltamos a estar, no mesmo sitio e no mesmo lugar. Por algo será....

En primeiro lugar, agradecemos e digo mos pois eu só son o representante, dun equipo, que fai posible que hoxe eu volte a estar aquí.

Eles son os responsables, o equipo que traballa, o equipo que día a día ten os problemas para vivir no rural e quere solucións, pois coma min e coma todos e todas, queremos vivir onde nacimos e poder, perdoen a expresión, "pastar" e levantar unha familia onde vivimos e queremos vivir. Para eles o primeiro agradecemento.

En segundo lugar o dito, agradecemos e non sin un toque de atención, a todos e todas, as conversas mantidas e a súa paciencia e tempo, para conversar sobre as ideas que hoxe nós teñen aquí, pero ahí o toque de atención, deixemos as conversas de bar, de detrás da cociña e acerquémonos máis ao concello e a plenos coma o de hoxe (que vexo que si que ten interese)... pregúntome porqué será (entón o de organización xa non digamos).

Pois para nós, para todos os veciños e veciñas isto é un dereito, non unha obrigaón, aquí e onde se fai pública e para todos e todas a transparencia, as maneiras de traballar, de pedir explicacións, en definitiva de facer o noso verdadeiro traballo; política.

Remato, non me quero alongar, dicindo que nós, o Partido Socialista de Muras, partido progresista, (visto o que se comenta por ahí) seguimos tendo as ideas moi claras e seguimos sendo un partido moi serio.

Durante catro anos traballamos para conseguir e facer visibles moitos traballos e proxectos no noso concello de Muras. Proxectos que aínda a día de hoxe se ven nas nosas rúas e que son para todos e todas as Murenses.

Nestos catro anos que veñen, seguiremos igual ou millor, pois a experiencia adquirida é un grao e catro anos pasados dan para moito, orgullosos de que gracias ao noso traballo realizado, no día a día, brille a transparencia, a comunicación con veciños e veciñas e o recoñecemento do noso concello, Muras, alá por onde imos.

Nós, o partido socialista de Muras, polo noso pobo Muras e por todos os veciños e veciñas, moitas grazas por darnos a vosa confianza para estar, de novo, hoxe aquí.

Moitas grazas.

Un saúdo.

Intervén o Alcalde-Presidente don Manuel Requeijo Arnejo:

Bó día a todos e a todas.

Primeiro dar as grazas a todos os veciños e veciñas polo apoio recibido nas eleccións pasadas e que convertiron ao BNG na forza mais votada no municipio e que supón un reconforto polo traballo feito nestes 4 últimos anos. Este pulo nos enche de forzas e azos para seguir traballando no concello, para conseguir o máximo benestar e calidade de vida dos veciños, pra seguir mellorando os servizos e as infraestruturas municipais. Seguiremos adiante cos nosos proxectos xa en marcha, como o polígono industrial e trataremos de seguir freando o despoboamento e fomentar a natalidade do pobo.

Quero agradecer o bo trato, a franqueza, o traballo e a aportación dos concelleiros e concelleira que xa non están na corporación (Carlos, Danilo, Pajón e Celia) na anterior lexislatura, e darlle a benvinda aos novos concelleiros, agardando que manteñan a cordialidade e bo facer como ata agora.

Pedir perdón se nalgunha ocasión non se corresponderon en feitos as altas expectativas depositadas en min. E se algunha persoa puido verse prexudicada persoalmente.

Que os veciños xa sabedes que seguen as portas abertas desta casa consistorial para escoitarvos, unha casa que e a vosa.

O Sr. Presidente levantou a sesión as doce horas e cuarenta e cinco minutos, dá que se estende a presenta acta que asina conmigo, de todo o que, como Secretaria, dou fe